



CALENDARIO DE FIN DE CURSO 2021- 2022

MARTES 21 DE XUÑO

RECOLLIDA DE MATERIAL DO CENTRO:

FRANXAS HORARIAS:

1ª hora: Recollida de material dos grupos de **1ºESO.**

2ª hora: Recollida de material dos grupos de **2ºESO.**

3ª hora: Recollida de material dos grupos de **3ºESO.**

4ª hora: Recollida de material dos grupos de **4ºESO.**

1- Libros de texto



A recollida farase na aula de referencia co profesorado responsable nesa hora de clase reforzado por un membro do equipo directivo, comprobarase o estado do material devolto, comparándoo có estado rexistrado no día de entrega.

Unha vez feita a comprobación, o alumnado dirixirase por grupo na súa franxa horaria **ao laboratorio para depositar os libros do**

Centro .  I.E.S. DE COTOBADE
FONDO DE LIBROS

e a continuación **depositará na sala de ping-pong** os libros prestados pola ANPA.



No caso de entregar un libro que non sexa do IES nin da ANPA, entenderase **como doazón.**



- 2- Ordenadores portátiles, tanto os cedidos polo Centro como os da Xunta de Galicia. Realizarase a 7ª e 8ª horas.



N.B: Os portátiles entregaranse cargados (batería)



para facilitar a comprobación do estado e/ou axilizar o proceso. Os da Xunta de Galicia, entregaranse na súa caixa orixinal.

- 3- Libros da biblioteca en caso de préstamos pendentes de devolución.

- 4- Recollida da **chave da taquilla** e devolución da fianza de



10€ (agás casos de perda, dos que se descontarán os respectivos custos de duplicado, 2€ por cada copia solicitada). O

alumnado terá que baleirar a taquilla e recoller as súas pertenzas (na franxa horaria correspondente á entrega de libros), as da aula tamén. Comprobarase o estado da mesa e espazo persoal.

MÉRCORES 22 DE XUÑO

Remate das clases e final de curso.





XOVES 23 DE XUÑO




9:00h a 14.00h: **Avaliación final**

LUNS 27 DE XUÑO

1- Entrega de notas:

- 11:00: 1ºESO / 2ºESO/ 3º ESO
- 12:00: 4º ESO



Respectade as franxas horarias establecidas, por favor. Pode que os/ as titores/as lles queiran dedicar un tempo que non sexa unha mera entrega de boletíns. (fotos de grupo, etc.) Moitos deles non estarán para o vindeiro curso.

Ese mesmo día entregáraselle ao alumnado a carpeta cos impresos de matrícula e a certificación académica para os alumnos de 4º ESO.

2- Prazo de reclamacións:



Desde 27 de xuño, a partir da entrega de notas, ata o 29 de xuño de 2022.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

I.E.S DE COTOBADE
Río Tenorio s/n - 36120 Tenorio
Telf. 886 159 784
e-mail: ies.cotobade@edu.xunta.gal

3-Comezo do prazo de matrícula:

Desde o 27 xuño ata o 8 de xullo.

Atoparedes toda a información pertinente, na nosa páxina Web <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotobade/> e taboleiro de anuncios do Centro.

Seguide as novas da páxina web que poderán ser do voso interese!

Feliz e merecido verán!